Informe de proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do Consello Económico e Social de Galicia (Expediente FCI0-2025-001-M)

OBXECTO DOS PROCESOS DE FUNCIONARIZACIÓN

Os procesos de adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio Colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que está a levar a cabo esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, resultan coa finalidade de levar a efecto o cumprimento da normativa correspondente en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, de acordo cos principios de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como para homoxeneizar o réxime xurídico e as condicións de traballo aplicables a este, coa finalidade de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Os ditos procesos lévanse a cabo con pleno respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, sen mingua dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Resaltar **que non é obxecto dos procesos de funcionarización levar a cabo unha nova valoración e/ou valoración complementaria dos postos de traballo, toda vez que esta valoración xa se efectuou no momento da creación de cada posto** nas correspondentes relacións de postos de traballo. Unha nova valoración resulta improcedente e allea a este procedemento de correspondencia como persoal funcionario, xa que cada un dos postos mantén, en cada un dos seus centros e unidades, as mesmas condicións, funcións e responsabilidades que cando eran postos de persoal laboral.

En consecuencia, de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27.05.2024), a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte, **informe**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

ANTECEDENTES

- **O Consello Económico e Social de Galicia foi creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, como ente consultivo da Xunta de Galicia** en materia socio-económica en aplicación do previsto no artigo 9.2º da Constitución española e nos artigos 4.2º e 55.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, social e cultural (DOG núm. 133, do 12 de xullo).

  É un ente institucional de dereito público, consultivo, da Xunta de Galicia en materia económica e social. Ten personalidade xurídica propia e plena capacidade e autonomía, orgánica e funcional, para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Economía e Facenda (actualmente Consellería de Facenda e Administración Pública).

  A vixente relación de postos de traballo do Consello Económico e Social de Galicia, foi aprobada polo Pleno na súa sesión 1-18 do 30 de xullo de 2018. No cadro de persoal figuran 10 postos (persoal propio da entidade).

- A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e a disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establecen as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario.

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia regula que o persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito da súa aplicación que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario, ou pase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, poderá seguir a realizalas ou desempeñalas.

Así mesmo, a dita disposición no seu apartado segundo recolle que o Consello da Xunta de Galicia establecerá, a través das relacións de postos de traballo (RPT), a valoración, clasificación e determinación dos postos de traballo afectados por esta norma, na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

DESENVOLVEMENTO DO/S PROCESO/S

Primeiro. Procedemento para adquisición da condición de persoal funcionario de carreira

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O seu anexo foi modificado polas Ordes do 10 de marzo de 2021, do 27 de novembro de 2023 e do 23 de decembro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública (Diarios Oficial de Galicia números 61 do 31 de marzo de 2021, 231 do 5 de decembro de 2023 e 2 do 3 de xaneiro de 2025).

Segundo. Oferta de Emprego público para o ano 2022

Para dar cumprimento ao establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, **esta administración incorporou as prazas obxecto de funcionarización** no Decreto 217/2022, do 22 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 (DOG núm. 245, do 27 de decembro):

ADMÓN	GRUPO SUBGR.	CORPO-ESCALA-ESPECIALIDADE	DECRETO 217/2022 PRAZAS
Xeral	A1	Corpo superior da Administración xeral (subgrupo A1)	**20** (17 xeral + 3 discapacidade)

Terceiro. Integración como persoal laboral da Xunta de Galicia

O 17 de febreiro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 8 de febreiro de 2023 pola que se regula o **procedemento de integración como persoal laboral** da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia.

Por Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 27 de novembro de 2023, **resolveuse o procedemento** de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro).

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

Esta orde, no seu Anexo I, recolle a seguinte proposta de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia que presentaron solicitudes e cumpren todos os requisitos exixidos na normativa vixente na materia:

APELIDOS E NOME	SERVIZO ACTIVO OU SITUACIÓN QUE ORIXINE DEREITO DA RESERVA DO POSTO	GRUPO/ CATEGORÍA	POSTO PROPOSTO	DESTINO
Armesto Pina, José Francisco (*)	Si	Grupo I, categ. 04	Gabinete técnico	Definitivo
López Diéguez, María Cristina (**)	si	Grupo I, categ. 04	Gabinete técnico	Definitivo

(*) Persoal que tomou posesión e integrouse como persoal laboral da xunta de Galicia o 19.01.2024

(**) Persoal que tomou posesión e integrouse como persoal laboral da xunta de Galicia o 22.01.2024

Cuarto. Funcionarización do grupo I

Por Resolución do 15 de decembro de 2023 convocouse o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e corpo facultativo superior de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG núm. 243, do 26 de decembro).

Esta orde, no seu Anexo II, recolle entre outros o seguinte buzón de postos:

CATEGORÍA 04	TITULADO/A SUPERIOR	NIF	INICIAL APELIDO 1	INICIAL APELIDO 2	INICIAL NOME
	(*)	***0500**	A	P	J
	IVE100000015770016	***0503**	B	M	J
	IVE100000615770040	***9846**	B	M	J
	EIC992090315001024	***3466**	C	R	P
	IVE100000615770042	***2408**	F	F	S
	(*)	***1812**	L	D	M
	IVE100000015770018	***9470**	M	M	G
	EIC992090115001020	***0418**	O	C	B
	EIC030020032730019	***4711**	P	C	J
	EDA194080115001003	***0787**	P	P	J

(*) Persoal do Consello Económico e Social de Galicia

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

- **Cuarto.1 Categorías do grupo I de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización no CES**

Categoría	Grupo-Categoría	Corpo	Grupo Subgrupo
Titulado/a superior	I-04	Superior da Administración xeral	A1

Quinto. Aspirantes que superaron o proceso selectivo

Por Resolución do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e do corpo facultativo superior de Administración especial subgrupo A1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (DOG núm. 243, do 26 de decembro), pola que se dá publicidade a diversos acordos (DOG núm. 144, do 26 de xullo).

Sexto. As relacións de postos de traballo

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, recolle que os postos clasificados como de persoal funcionario de carreira ou como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira, **debe estar aprobada con anterioridade á toma de posesión como persoal funcionario de carreira**.

En desenvolvemento do procedemento establecido no decreto, esta administración elaborou a presente modificación de relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia determinando previamente aqueles postos de persoal laboral da Xunta de Galicia afectados polo proceso de funcionarización.

Para a determinación dos postos susceptibles de seren clasificados como de persoal funcionario, tívose en conta o artigo 6 do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o seguinte:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

"Clasificaranse como de persoal funcionario os postos de traballo definidos actualmente nas respectivas RPT como de adscrición de persoal laboral dalgunha das categorías recollidas no anexo desta norma.

A clasificación como de persoal funcionario realizarase no corpo, escala ou especialidade previsto como equivalente no mencionado anexo".

Tívose en conta tamén o disposto na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 27 de novembro de 2023, que modificou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 231, do 5 de decembro); que establece a equivalencia entre as correspondentes categorías profesionais do persoal laboral e as correspondentes escalas do persoal funcionario.

- **Sexto.1 Postos a funcionarizar, clasificar no subgrupo A1 que comprende a presente RPT**

A presente modificación da relación de postos de traballo **comprende un total de 2 postos do grupo I categoría 04 a funcionarizar e clasificar** no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas persoas titulares teñen posibildiade de cambio de vínculo xurídico.

Postos a funcionarizar e clasificar:

POSTO	GRUPO - CATEGORÍA	POSTO	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
Gabinete técnico	I-4	Xefatura de sección	Superior da Administración xeral	---	2

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

- **Sétimo. Novena RPT de funcionarización**

A presente modificación da relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde á novena RPT de funcionarización:

A primeira foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 120, do 25 de xuño, corrección de erros do DOG núm. 152, do 10 de agosto).

A **segunda foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022,** polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente á administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as clasificacións na escala de facultativos (especialidades de medicina, psicoloxía, pedagoxía), escala técnica de facultativos (especialidades de enfermaría, educadores, fisioterapia, traballo social, terapeuta ocupacional), escala de axentes técnicos facultativos (especialidade de educación infantil) e escala de auxiliares de clínica; así como a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización, aprobada polo Acordo do 24 de xuño de 2021 (DOG núm. 36, do 22 de febreiro, correccións de erros DOG núm. 53, do 17 de marzo e DOG núm. 163, do 29 de agosto de 2023).

A terceira foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de abril de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña) (DOG núm. 78, do 24 de abril).

A cuarta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na escala técnica do

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, do grupo B; na escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de bombeiro/a forestal-condutor/a de motobomba, emisorista-vixilante fixo/a e bombeiro/a forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2; e no corpo auxiliar de Administración xeral, subgrupo C2 (DOG núm. 101, do 30 de maio).

A quinta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral e no corpo facultativo superior de Administración especial, escala de expertos/as lingüistas, subgrupo A1, no corpo de xestión da Administración xeral e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial, escala técnica de restauración, e escala de técnicos facultativos, especialidade educador infantil, subgrupo A2, na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais, de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 38, do 22 de febreiro).

A sexta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 5 de agosto de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo da Administración xeral (subgrupo C1), corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial (grupo B) e no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial (subgrupo C1); no corpo auxiliar da Administración xeral (subgrupo C2) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.160, do 21 de agosto).

A sétima foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de setembro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior (subgrupo A1) e no corpo auxiliar (subgrupo C2) da Administración

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 186, do 26 de setembro).

A oitava foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de decembro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

Oitavo. Clasificación dos postos de traballo

Os procesos de adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio Colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que está a levar a cabo esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, resultan coa finalidade de levar a efecto o cumprimento da normativa correspondente en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, aos principios de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como homoxeneizar o réxime xurídico e as condicións de traballo aplicables a este, coa finalidade de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Os ditos procesos lévanse a cabo con pleno respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, sen mingua dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Resaltar que **non é obxecto dos procesos de funcionarización levar a cabo unha nova valoración e/ou valoración complementaria dos postos de traballo, toda vez que esta valoración xa se efectuou no momento da creación de cada posto** nas correspondentes relacións de postos de traballo. Unha nova valoración resulta improcedente e allea a este procedemento de correspondencia como persoal funcionario, xa que cada un dos postos mantén, en cada un dos seus centros e unidades, as mesmas condicións, funcións e responsabilidades que cando eran postos de persoal laboral.

Tendo en conta o anterior, **procederase á clasificación completa** dos postos de persoal laboral como de persoal funcionario dentro do seo da negociación correspondente, así como a idoneidade do **mantemento ou non das denominacións** existentes de acordo con esta clasificación.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

Noveno. Documentación aportada polo Consello Económico e Social de Galicia e incorporado ao expediente

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 01.04.2025
- Memoria funcional de data 22.10.2025
- Memoria económica de data 04.11.2025

Décimo. Informe preceptivo da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de data 10.11.2025, de conformidade co disposto no artigo 14.2.F do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27.05.2024).

Décimo primeiro. Actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal posteriores á memoria funcional do 04.11.2024. Negociación sindical

Como consecuencia das actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, posteriores á memoria funcional do 04.11.2024 e as negociacións coas organizacións sindicais correspondentes, resultou o seguinte:

- **Clasificación dos postos de traballo de persoal laboral en postos de persoal funcionario no subgrupo A1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; cos seguintes niveis:**

Consello Económico e Social de Galicia (CES)

SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL
A1	Xefatura de sección	25

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

Décimo segundo. Modificación da relación de postos de traballo do Consello Económico e Social de Galicia

O Consello Económico e Social de Galicia na súa memoria funcional do 22.10.2025 expón a necesidade de que os postos obxecto de funcionarización sexan completados coa seguinte clasificación:

- **Subgrupos de cobertura**: A1 e A2
- **Área funcional**: ECONÓMICA-ORZAMENTARIA
- **Experiencia:** MATERIA SOCIO-ECONÓMICA (MÉRITO)

Indica tamén esta memoria, a súa dependencia directa da Secretaría Xeral do CES, dependencia que xustifican por carecer este consello doutra estrutura administrativa.

Funcións a desenvolver destes postos do CES:

> "Elaboración, a petición do Consello ou o secretario xeral: de informes sobre materias socio-económicas e técnicas, sobre as reformas que se estimen necesarias na normativa vixente para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade; de estudios e tarefas análogas sobre as posibles repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoña no sistema económico e social de Galicia; de informes e estudos sobre a execución dos plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén se encargarán da elaboración anual da memoria socioeconómica de Galicia, seguindo as indicacións da comisión sectorial correspondente, así como do asesoramento en materia económica aos diversos órganos do consello Económico e Social de Galicia".

En consecuencia **cómpre modificar a relación de postos de traballo do Consello Económico e Social de Galicia no** seguinte sentido:

	CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBG-NIVEL-F. FROVISIÓN NOVO	ÁREA FUNCIONAL NOVA	FORMACIÓN ESPECÍFICA NOVA
SECRETARÍA XERAL					
1.		XEFATURA DE SECCIÓN I FC.I01.00.000.15770.010	A1, A2 25 C	ECO	334 MATERIA SOCIO-ECONÓMICA (MÉRITO)
2.		XEFATURA DE SECCIÓN II FC.I01.00.000.15770.011	A1, A2 25 C	ECO	334 MATERIA SOCIO-ECONÓMICA (MÉRITO)

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

Décimo terceiro. Toma de posesión. Cambio de vínculo xurídico

A toma de posesión como persoal funcionario de carreira, que implicará o cambio do seu vínculo xurídico coa Administración, **figura prevista para o 1 de decembro de 2025**, por iso e co fin de que se cumpran os trámites oportunos, en canto á expedición das dilixencias de cesamento correspondentes, esta RPT **entrará en vigor o 27 de novembro de 2025**.

Efectuarase con carácter definitivo no mesmo posto que se viñese ocupando como persoal laboral. Desde o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, seralle de plena aplicación para todos os efectos a normativa xeral en materia de función pública da Comunidade Autónoma. Aquel persoal que supere o correspondente proceso de funcionarización desde un destino con carácter provisional tomará posesión como persoal funcionario de carreira con ese carácter.

O persoal laboral fixo que supere o correspondente proceso de funcionarización, a partir da toma de posesión como funcionario de carreira, pasará a devindicar todas as súas retribucións conforme o sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma.

O persoal que se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización garántenselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, que estaba a percibir como laboral fixo, se estas fosen superiores ás que lle correspondan como persoal funcionario de carreira, mentres permaneza nese destino ou pase mediante calquera procedemento de mobilidade a un posto de traballo da mesma tipoloxía cun mesmo réxime de prestación de servizos e cuns complementos iguais na orixinaria clasificación laboral de que deriva.

Conforme o disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública, e na súa normativa de desenvolvemento, para os efectos do cómputo da antigüidade, recoñeceranse indistintamente a totalidade dos servizos prestados en calquera Administración pública.

O persoal que se funcionarice seguirá percibindo os trienios recoñecidos como persoal laboral fixo valorados na contía que corresponda ao corpo, grupo, escala ou especialidade do posto equivalente. O primeiro trienio que se perfeccione como funcionario non terá unha contía inferior ao que se percibiría como laboral.

O recoñecemento das contías a percibir polo concepto de antigüidade realizarase consonte ao establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración Pública e na Orde do 19 de xaneiro de 2023 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

da Administración autonómica para o ano 2023 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro) (corrección de erros DOG núm. 33, do 16 de febreiro); e farase aplicando a estes o valor que corresponden ao corpo ou escala no que se produza o cambio do vínculo.

A diferenza de retribucións entre a condición de persoal funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización:

- Apartado a) **funcionarización – persoal**: comprende a diferenza de retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, percibidas como persoal laboral fixo, excluídos os complementos de antigüidade e demais complementos persoais, e as percibidas como persoal funcionario. Este complemento percibirase en 12 mensualidades. Este complemento non é compensable nin absorbible, salvo que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que, con carácter xeral, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Apartado b) **funcionarización – antigüidade**: que recollerá a diferenza de retribucións entre a contía dos trienios recoñecidos como persoal laboral e a súa equivalencia como trienios do persoal funcionario. Este complemento percibirase en 14 mensualidades e non será compensable nin absorbible.

Coa adquisición da condición de persoal funcionario de carreira consolidarase a percepción do complemento da carreira profesional que tivese recoñecido.

A **consolidación do grao persoal** comezará no nivel mínimo do correspondente Corpo ou Escala de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

CONCLUSIÓN

En consecuencia co anterior, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do Consello Económico e Social de Galicia.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

Nuria Aguilar Vázquez

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 11/11/2025 12:18:59

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g9Y1kCh3PaT0 https://sede.xunta.gal/cve

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica